

# **BOLEROS ROTOS**

**Salvador Rodríguez (Poemario Inédito)**

## NON DIREI

Non direi que esta noite choven bágoas de ferro

Nin que o coitelo atravesou a gorxa dunha pomba

Nin que a Besta viu roubarme un anaco de esperanza

Nin que aínda cheiro ao teu corpo nu despois da última batalla

Non direi que existo, tal día coma hoxe

Nin que lembro a túa pel envolvida en suor frío

Nin que esquezo a túa lingua, o teu sorriso

Nin que esperto, e o reloxo fica detido

(nas tres en punto)

Non direi que te boto de menos

Nin que tirei ao mar o enderezo da paixón sen rumbo

(aquela)

Nin que procuro refuxio embaixo da quentura perdida

Nin que te busco nos almanaques e nas axendas

Nin que respiro, nin que latexo

Polo respecto que me merecen os teus ollos

Calarei dunha vez por todas

E non direi nada

## **A CADA**

A cada paso

A cada sombra

A cada instante

A cada bala

Por un disparo

Por un alento

Por un segundo

Pola palabra

Toda unha vida

Mitade mortos

Toda unha estaca

En cada historia

Por unha noite

O inferno enteiro

Nestoutra beira

Da lúa estreita

(Sobrevivimos)

Toleamos dous

En areas de sal

Embaixo a Praia

Non hai asfalto

Descurre o río

Longo e profundo

Negro i escuro

Como a túa boca

Cando te anoxas

Apálpasme a ialma

Lámbesme o sexo

E ámote dentro

## FERIDA

Que te ameí, nin o dubides

Nin que explorei tódalas posibilidades

Seguro de entregarme

Para sempre, por sempre

No utópico territorio dos teus anxos

Que te quixen, é verdade

Malia que as preguntas rebotasen nas respostas

Aceptei ser escaldado

Polo ferro quente da túa baralla

Por iso agora ando e desando as rúas

Racho tódolos acertixos

Embisto semáforos

E fágome o torpe nas azoteas

Por iso

Non descanso, berro toleo procuro

Deixar sen resolver os encrucillados

Volver a pisar o pasos que persigo

Para que esta cicatriz deseque  
Dunha vez por tódalas mentiras  
Visito o ceo e desafío ós vertixes  
Para ver se un día como este,  
ou outro calquera

Sando desta ferida

## ANGURIA

Pensei que me sorprendera o timbre do teléfono  
Pero eras ti quen petaba ás portas do irremediable  
Un animal-malparido, fillo de muller revolta e vintenove pais  
Diaño asasino das horas de espera

A anguria

Daquela que conduzo de tolemia na autoestrada  
Anego Lagoas e queimo Casas Baratas  
Emborráchome nas noites tremebundas  
Pola culpa desta pantasma milimétrica

A anguria

Apuro as agullas do reloxo con esta compañeira  
Semento ortigas e atraveso a navalla os peitos dos ruíns  
Ela agóchase, aparece e reaparece  
E logo asoma o narís pola caluga

A anguria

De non posuírte nin apalparte

De esquencer a lonxitude dos teus brazos

A temperatura eróxena dos teus xadeos

Quedoume de camarada inseparable

Vida enteira....

A anguria



## CHÁMAME

Chámame á hora que ti queiras

Ao número segredo que temos compartido

Chama ao misterio da lúa chea en noite de defuntos

Na lagoa de soños que sospeito

Chámame

Ao cuarto de estar con posters de Bob Dylan

Á sá de espera con cadros de Van Gogh

Ao desastre do meu/teu ser indefinido

Á rabexa dunha vida sen nome nin apelidos

Chámame

Ao frío que percorre este carballo disecado

Á serpe que habita no meu niño

Á soedade que me estrangula a deshoras

Á paisaxe triste que debuxa un monte queimado

Chámame

Ao quirófano dos desexos sen anestesia

Á depresión cotiá dos luns de mañanciña

Ás teclas con que te escribo este falso poema

Ao derradeiro verso e ao punto final con que te bico

## AGORA

Agora que non aguanto a mirada dos estúpidos

Agora que os nervos me devoran as esperas

Agora que esquenzo as noites prematuras

Agora que remendo as enfermidades hereditarias

Agora que me derrumbo

Agora que me xunto e deparato con covardes

Agora que discuto por parvadas inodoras

Agora que bebo ata esquecer o voo das pombas brancas

Agora que racho os códigos postais

Agora que estoupo

Agora que remato pola escuadra

Agora que vivo a todo luxo entre hipócritas

Agora que durmo no ventre da raposa

Agora que descanso no faiado da ansiedade

Agora que toleo

Agora que me faltan as neuronas da ledicia

Agora que no atopo nin rastro da túa boca

Agora que respiro en folios brancos

Agora que renego das cidades durmidas

Agora

(que sempre me cabreo cando esperto)

Síntome tan canso comeste

Vaso de cervexa

Sen espuma

## DISTANCIA

Entre ti e mais eu, hoxendía

Habita unha lonxitude de metáforas inconcluídas

Hectómetros cadrados de lonely heart's club band

Medra a Distancia

A cuarta parte do mundo nos separa

Coma se estiveras masturbándote en Portonovo

I eu papando moscas en Australia

Moi lonxe, a Distancia

Aturuxo de silencios, o ningures, a nada

Calexón sen saída, berros apagados, velas consumidas

Habitación trescentos catro, cama baleira, auga xelada

Longa noite de Distancia

Sabedor de que nin as cartas xa din nada

Recibo as túas novas en escuros telegramas

Coas instrucións transcritas en prospectos mudos

Distantes na Distancia

Gardo un anaco do teu retrato no bolsillo

O gozo do teu alento na mirada  
A túa lingua que aínda me lambe  
E só me acordo da Distancia  
Só me lembro, si  
Só me invade  
Só, maldigo a voz  
Desta asasina/amiga miña  
A Distancia

## AS COUSAS DO QUERER

Se fora por querer, eu fun dos que quixo  
Amansar para ti ventos e tempestades  
Rir dos satánicos sós de guitarra eléctrica  
Conxelar o tempo que marcan as agullas dos reloxos

Se fora por querer, eu fun dos que quixo  
Beber a auga de choiva aceda  
Bogar en dornas naufragadas  
Escoitar a túa voz en frecuencia modulada  
Bicar con paixón tódalas ialmas pecadentas

Se fora por querer, eu fun dos que quixo  
Sementar os montes de fouces vermellas  
Facer o amor mentres trona e o lobo ouvea  
Pagar a conta dos que me deben unha excusa  
Baleirar de alentó os corpos das prostitutas

Se fora por querer, eu fun dos que quixo  
Ofrecerte un corazón solitario por sacrificio  
Sístole e diástole nas túas mans abertas e cansadas  
O corazón do home que se daba por perdido  
Nun labirinto de cagadas de gaiivota

Porque as de saber, querida  
Que as cousas do querer sonche un oficio

## JOAQUÍN SABINA

Quédanme tres putos cuartos de nicotina na reserva  
Mentres procuro un rodeo ás adversas circunstancias  
Perto da academia de corte e confección  
Sei que se me deteño, escoito  
Un estribillo de bronquite crónica no tocadiscos da xenreira  
Que fala dunha noite executada a sangue frío  
Por preguntas que só respostan  
Con ecos de rimas consonantes

Hai uns ollos que alumean, viva o tópico!  
E non son os do home do traxe gris nin dan as dez  
Na rúa Melancolía  
As mulleres tecen bandeiras republicanas en balcóns de cocaína  
Tropezo cunha guitarra desafinada  
Medio morta, alí tirada  
Que disque quere contarme un chiste verde  
Que vai sobre unha canción de Joaquín Sabina



## SOL DE AGOSTO

Disparóuseme o fusil das verbas frouxas

E ata súdo sangue caducado

De balas perdidas

Deserto dos desfiles, das praias, das terrazas

Asfíxio no cheiro a xelo dos refrescos de zume sen gas

Olo o voar dunha melodía solitaria

Que engana aos pentagramas

E vaise rendir a pés dun cadro desastroso

Pero no te atopo

Nas rúas da desolación

Nos Buratos dos Infernos

Nos cuartos reservados

Nos piñeiros declarados ilegais

Nas linguas das serpes abafadas

No país das sentencias firmes

E os rebeldes sen causas

I esmágame coma un cabrón o sol de agosto

## DECLARACIÓN DE AMOR IMPERFECTA

Tentei escribir un bolero fermoso e cheo de caraveis

Pero emborracheime cunha botella de augardente brava/MEIRO

Así que troques dunha canción para que floreceran os xardíns

Sáume cuspe de guerra pola boca

Tentei escribir un bolero bronco

Sentido

Rendido

Chiricahua

E saíume

(Non puido ser...)

O berro seco na agonía de Tantanka Yotanka

A carraxe na mirada do guerrilleiro apache

O lume nas fogueiras dos cheyennes en Wounded Knee

A pipa da paz tronzada pola escopeta do soldado azul

E non hai desculpa nin a pretendo

Todo o máis que che ofrezco

Neste caso excepcional

É tal que algo así, ou máis ou menos

Que/Como unha Declaración de Amor Imperfecta

Un Bolero Roto

EXTERMINADO